



Que pretendemos?

As visitas a museos ocupan gran parte das actividades programadas polos centros de ensino cando teñen que saír do aula.

Ao comezo do curso escolar a información que chega a devanditos centros de museos e outros espazos patrimoniais, tanto culturais como naturais, ofrecendo os seus servizos é enorme.



Ensínanos o teu camiño, e nós axudarémosche. Un proxecto de innovación e colaboración entre dúas institucións. Os museos, e o mupega, van evolucionando ante os novos retos da sociedade, ante a nova educación, por iso ofrecemos esta nova vía de comunicación de traballo de innovación.

Desde o MUPEGA queremos cambiar esa dirección única de comunicación e que sexa bidireccional, nos dous sentidos.

Non só queremos propoñer nós as actividades, visitas, propostas didácticas relacionadas coas exposicións do museo.

Queremos que sexades vós, os docentes, os que nos propoñades as vosas ideas.

Ofrecemos unha forma de colaboración entre a túa aula, entre o centro e o museo.

Plantéxanos a túa idea, e colaboraremos para levala a cabo.

Queres vir cos teus alumnos, para recrear/ interpretar nunha aula antiga, como era a educación de antes?



Fixestes un proxecto de investigación sobre calquera tema relacionado co noso museo e queréis vir recobrar información?, traballades os xogos tradicionais na aula e queredes vir a xogar con eles? ...

Unha forma de traballar para crear novas experiencias para chegar a coñecer a nosa historia e o noso patrimonio. Nós xa ofrecemos unha vía, un camiño... Pero, por que non ir por outra estrada?

Participade!!!





museo
pedagógico
de galicia

MUPEDUCA

Proxecto de colaboración entre centro e museo FORMULARIO DE COLABORACIÓN

Nome do solicitante: Cargo no centro:

Centro Educativo: Aula/s:

Área/s traballadas no proxecto:

Proxecto/Actividade que se está a realizar:

Actividade de Colaboración do MUPEGA:

Datas aproximadas

Observacións

En _____ a _____ de _____ do 2 _____

Asdo:

Envío do formulario:



museo.pedagogico.galicia@edu.xunta.es



981.540.155

FAX: 981 540 154